



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

9 de xuño de 2011

METEOROLOXÍA

Durante os últimos días baixaron os rexistros de temperaturas a valores moderados.

Previsións: Ata o mércores da vindeira semana Galicia estará baixo condicións anticiclónicas. As altas presións irán entrando progresivamente, polo que o sábado aínda poderíamos ver algunhas nubes durante a mañá no norte e temperaturas que irán subíndoo sen acadar valores demasiado altos. O domingo continuará o ascenso térmico, polo que é previsible a sensación de calor na metade sur. Entre luns e mércores o anticiclón e os ventos de leste-nordés deixarán tempo seco, moi soleado e con novos ascensos térmicos.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

K - uva tamaño chícharo.

Coidados culturais

Estanse a realizar as labores típicas da época do ano: mantemento do solo, eliminación de chupóns do tronco das cepas e despuntado da gomariza que sobresaie dos sistemas de conducción e dificultan as labores de cultivo e os tratamentos fitosanitarios.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Oídio (*Uncinula necator*)

Obsérvanse síntomas illados da enfermidade e **mantéñense as condicións para o seu desenvolvemento**, aínda que os ciclos de infección-esporulación ralentizáronse pola diminución das temperaturas e humidades relativas medias.

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

Durante os últimos días non se deron as condicións para o desenvolvemento da infección e a aparición de novos ciclos de mildew (escasas ou nulas precipitacións que, en principio, prevíanse nos partes meteorolóxicos durante a semana pasada). Polo tanto, **apenas se observa nova sintomatoloxía de mildew nos viñedos**.

Ata estas datas contabilízanse unha media de 4-5 tratamentos empregados para o control da enfermidade e un nivel de danos durante o ano moi baixo, debido a primaveira de carácter seco, de compoñente N-NE, e a ausencia de precipitacións. Nas parcelas testigo (sen tratamentos) só se constataron durante o ano dúas contaminacións de escasa consideración.





segue VIÑEDO

Polilla dos acios (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*)

Ausencia de voos e danos.

Mosquito verde (*Empoasca vitis* e *Zygina rhamnii*)

Mantense a presenza da praga no mesmo porcentaxe que durante as últimas semanas, non chegándose polo tanto aos umbrais de tratamento que xustificuen a intervención fitosanitaria.

Ácaros (*Calepitrimerus vitis*)

Mantense a presenza da praga en focos xeralmente illados, non chegándose a alcanzar os umbrais de tratamento.

Recomendacións

En viñedos sen presenza de **mildeu**, tanto no cultivo como nas lindes, **non é preciso tratar**, polo momento. No caso de que houbera precipitacións durante as próximas datas, deberase realizar unha aplicación con fitosanitarios no intervalo de 1-2 días anteriores ou posteriores. **En viñedos que arrastran síntomas débese manter o control da enfermidade con un intervalo de 14 días.**

Os produtos recomendados para o estado fenolóxico actual son preparados de acción penetrante ou de fixación as ceras cuticulares.

En canto ao **oídio hai que continuar co control da enfermidade**, con intervalos de tratamento de 14 días. En viñedos asintomáticos, preferiblemente con xofre pois tamen frea a presenza de ácaros e polilla. En viñedos con síntomas acortar o prazo dende a última aplicación a 10 días, pero con fitosanitarios penetrantes do grupo IBS/triazoles (son as materias activas: ciproconazol, diniconazol, fluquinconazol, flusiazol, miclobutanil, tebuconazol, triadimenol e fenbuconazol). Recórdase que para evitar a aparición de resistencias aconséllase evitar a aplicación de máis de 2 tratamentos/ano das materias activas mencionadas do grupo IBS/triazoles.

D. O. Ribeiro

Estado fenolóxico medio

A maioría das variedades están no estado **K** - tamaño chícharo, que supón un adianto entre 20-30 días respecto ao ano medio.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

A semana caracterizouse por precipitacións abundantes na fin de semana, necesarias fronte a seca desta primavera, seguidas dunha forte baixada das temperaturas, acadando valores mínimos de 6-8 °C, pola noite e temperaturas polo día en torno aos 20°C, acompañado por tempo anubrado. Isto descarta calquer ataque de **mildeu** (*Plasmopora viticola*) pero non o risco de infección por **oídio** (*Uncinula necator*).

Ácaros (*Calepitrimerus vitis*)

Obsérvanse danos por erinose, sobre todo en cepas novas, cas típicas agallas ou abultamentos no haz e a borra pilosa e branca no envés, aínda que estes danos non xustifican un tratamento, a aplicación de xofre contra o oídio é suficiente.



[segue VIÑEDO](#)

Mosquito verde (*Empoasca vitis e Zyginia rhamnii*)

Observáronse síntomas deste cicadélido nas follas, con desecado no borde da folla, en parcelas con antecedentes de ataque en anos pasados. Polo de agora os ataques non xustifican un tratamento.

Recomendacións

Tralas chuvias da fin de semana, recomendouse renovar o tratamento, en caso de traballar só con produtos de contacto, xa que as chuvias produciron un lavado do anterior tratamento. A recomendación foi a base de combinación de cobres (Hidróxido de Cu e Caldo bordelés) xunto co xofre, tanto como antifúnxico e como tratamento das acarioses.

D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio

J – callado, cun 40% no estado K – tamaño chícharo.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildiu (*Plasmopora viticola*)

Obsérvanse ataque inicialmente leves, aínda que as condicións climáticas fan prever unha maior intensidade de ataque nos vindeiros días.

Black Rot (*Guignardia bidwellii*)

Non hay evolución da sintomatoloxía, polo que parece que non vai causar danos.

Botrite ou Podremia gris (*Botritis cinerea*). Sen síntomas.

D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

J – callado. Seguen apreciándose zonas e variedades algo máis retrasadas (I) así como outras xa no estado K – tamaño chícharo.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Non hai síntomas destacables esta semana, non se aprecian danos nas follas nin nas plantas, aínda que se mantén a alerta para prever a aparición de **mildeu** e **black rot**.

Recomendacións

Reducíronse significativamente o número de aplicacións de fitosanitarios con respecto ao ano pasado ao diminuír a presión dos parásitos nas plantacións.

Na zona de A Rúa estanse recomendando especialmente tratamentos a base de Mancozeb+xofre mollable para prever **escoriose** e **mildeu**.

No caso de choivas con lavado de follas pola súa intensidade, recoméndase a repetición dos tratamentos con xofre mollable.

Coma na semana pasada recoméndanse contra o **mildeu** e **black rot** pulverizacións preventivas con Caldo bordelés, Oxicloruro de cobre ou ditiocarbamatos (captan, zineb, mancozeb, etc).

Débesse estar moi atentos a calquer síntoma para evitar a propagación de **mildeu** e **black rot**, posto que as condicións volven ser moi favorables.



PATACA

IXP Pataca de Galicia - A Limia

Estado fenolóxico medio e fitosanitario

O 50 % das parcelas estímase que está no inicio da tuberización. No resto aínda está no desenrolo da vexetación.

Síntomas da observación visual: algunhas parcelas con ataque moderado de **escaravello**, sen demasiada incidencia no cultivo. Nesta semana obsérvanse síntomas de **mildiu** de certa importancia sobre todo en parcelas con desenrolo vexetativo elevado.

Recomendacións

Recoméndase un tratamento antimildiu con acción curativa naquelas parcelas con síntomas. No caso en que a primeira man fora cun sistémico, dar un penetrante e de contacto (non espaciar tratamentos mais de 8-10 días ata que non se estabilicen as condicións atmosféricas).

En parcelas onde non se aprecien síntomas, dar un tratamento antimildiu preventivo posto que as condicións atmosféricas son propicias para o ataque.

En parcelas onde se observe ataque de **escaravello** pódese aplicar un tratamento mezclado con algunha das materias activas: clorpirifos, esfenvalato, imidacloprid, tiametoxam, etc.

IXP Pataca de Galicia – Terra Chá e Bergantiños

Estado fenolóxico medio e fitosanitario

Prácticamente todas as parcelas en estado fenolóxico de desenrolo vexetativo da parte aérea. Cultivo con boa sanidade, aínda que comezan a aparecer síntomas de **mildiu** e algún **escaravello**.

Recomendacións

Debido a que aparecen os primeiros síntomas de **mildeu** e as condicións son favorables para o seu desenrolo, recoméndase un tratamento con produtos sistémicos.

KIWI

Estado fenolóxico medio I.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Bacterias

Na comarca do Baixo Miño seguen a aparecer **síntomas de bacteriose** en follas que, a falta de confirmación dos resultados das analíticas, poden corresponder a infeccións por *Pseudomonas syringae* pv *actinidiae*.

Fungos da madeira

Están a aparecer novas plantas con síntomas de enfermidades fúnxicas da madeira.



[segue KIWI](#)

Recomendacións

Como se comentou en anterior boletín, dado o estado fenolóxico no que se atopan as plantas e o feito de que as **infeccións bacterianas** permanezan só a nivel de folia, non se realizaron novos tratamentos con cobre, se ben non se descarta que, de confirmarse a presenza de PSA, pódese optar por aplicar Biobacter Plus nalgunhas plantacións. O que se recomenda **en todos os casos**, é unha **limpeza estrita** dos útiles de poda e tapar con cicatrizante os cortes de máis de 2 cm de diámetro cando se realice a poda dos machos. Asemade, non se debe realizar o anillado ante o risco de contraer novas infeccións bacterianas.

Para o control de fungos da madeira recoméndase seguir coas medidas habituais: marcar as plantas afectadas, podar as partes enfermas se se observa que a froita non se vai desenvolver correctamente, desinfección dos utensilios de poda despois de traballar en cada planta e eliminar a madeira enferma. Se o grao de infección é baixo e incipiente, renovar a planta cun brote novo que saia do tronco. Se os síntomas se estenden de forma xeralizada por un brazo, están xa nos dous ou chegan ao tronco, recoméndase ir eliminando a planta vella e poñer unha nova.

MAZÁ DE MESA

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

O incremento da humidade provocou un aumento da incidencia dos ataques por **moteado** (*Venturia inaequalis*), ao mesmo tempo que a baixada das temperaturas incidíu nun aumento das infeccións por **oidio** (*Podosphaera leucotricha*)

En canto a pragas, obsérvase un estancamento no voo do **verme da mazá** (*Cydia pomonella*), lóxico se temos en conta a baixada das temperaturas e a choiva (nas trampas de monitoreo recolléronse 2 adultos macho).

Incidencia baixa de **pulgón verde** (*Aphis pomi*) e o **pulgón laníxero** (*Eriosoma lanigerum*) segue a facerse notar nas feridas da corteza da árbore, pero sen causar danos no cultivo na maioría dos casos.



Danos por oidio en maceira



Danos por moteado en mazá

Recomendacións

Manter aínda portexidas as árbores contra **moteado** e **oidio** a base dun fungicida sistémico. Se logramos chegar ata mediados de xuño sen síntomas de infección por calquera destas dúas enfermidades, xa non correremos perigo, pois pasamos o período de máis sensibilidade da maceira.

En canto ao **verme** (*Cydia pomonella*), tamén convén facer outro tratamento insecticida, xa que estamos na 1ª xeración e sabemos que é necesario tela moi controlada.



HORTA

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Polilla do tomate (*Tuta absoluta*)

Durante a última semana recolléronse nas trampas de seguimento un **elevado nº de individuos do insecto (100-200 capturas/semana)**. Por outro lado, comézase a observar galerías nas plantas.

Con este enorme nivel de capturas recoméndase **manter o control da praga** mediante:

- Loita biolóxica: *Macrolophus caliginosus* e *Nesidiocoris tenuis*.
- Fitosanitarios preventivos: azufre en espolvoreo (repelente), *Bacillus thuringiensis*, azadiractina ou abamectina.
- Fitosanitarios específicos: clorantraniliprol (max. 2 tratamentos/campaña) emamectina, flubendiamida (so en invernadeiro e max 2 tratamentos/campaña), indosacarb, spinosad (max. 3 tratamentos/campaña), abamectina (max. 3 tratamentos campaña).

Ter en conta outras medidas profilácticas (mallas en ventilación invernadoiros de 6x6 fíos/cm², e outros) que se especifican en nota informativa do boletín nº 13/2010.

Outros patóxenos

Destaca a presenza de:

- **Trips** (*Frankliniella occidentalis*), **eirugas** e **mal de pe** en tomate.
- **Trips** e **pulgón negro** en xudía. Tamén danos por rozadura ao aire libre debido ao vento.
- **Trips**, **pulgón** (*Myzus persicae* e *Aulacorthum solana*) e constátanse problemas de control biolóxico don *Aphidius colemani*, mal de pe e virus do bronceado TSWV.
- **Trips** en cebola.